

1 Explica o significado do seguinte refrán:

Tan longo foi o día como a romaría.

.....

2 Risca os castelanismos que atopas nesta lista:

xaula

año

avoa

minuto

semana

xulio

persona

adiós

siglo

amanecer

3 Corrixe os castelanismos anteriores e escribe unha oración con cada palabra corrixida.

.....

.....

.....

4 Subliña os adverbios e indica se son de **tempo**, de **lugar** ou de **modo**:

– Marcha axiña, que chegas tarde.

– Mañá iremos a Vigo; alí está Iria.

– Hai unha fonte aí detrás.

– Resolvín o asunto facilmente.

– Nunca entendo o que dis.

– Deixa a bici aquí e logo iremos nadar

– Eu vexo ben desde aquí.

5 Subliña os exemplos de seseo e rodea os de gheada:

Estaba o señor don Ghatto

en pas no trono sentado

e resibiu unha carta

que se quere ser casado.

O ghato, coa alegraría,

subiu logho a un tellado.

Unha pulgha deulle un couse

e ghindouno de alí embaixo.

